



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA NOVE (09) DE MAIO DE 2022

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 12:00 h. do día 9 de maio de 2022, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Jorge Pérez Méndez.
- D^a Anna Margarita Candal Malvís.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D. Xurxo Martínez Caño, concelleiro do grupo político “Mixto”-BNG, quen disculpou a súa ausencia.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

Da fe dos acordos tomados, M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que existe o quórum de asistencia esixido no art. 46.2.a) para que sexa válida a sesión, déixase constancia de que esta sesión foi convocada ó abeiro do art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 17 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar o asunto incluído na orde do día propostos polos grupos políticos municipais “Popular”, “Socialista” e “Mixto”-Ciudadanos, propoñentes da celebración desta sesión, contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022002006, de 4 de maio, que son os seguintes:

1º.- Análise e debate sobre vulneración por parte do goberno local de “Alternativa dos Veciños” da normativa que garante o dereito á participación dos grupos políticos da oposición no control e pulo do goberno local, así como da utilización política dos recursos públicos municipais en beneficio propio.

Punto 1.- Análise e debate sobre vulneración por parte do goberno local de “Alternativa dos Veciños” da normativa que garante o dereito á participación dos grupos políticos da oposición no control e pulo do goberno local, así como da utilización política dos recursos públicos municipais en beneficio propio

Inicia a sesión o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que esta sesión foi convocada a instancias dos grupos políticos da oposición con este único asunto na orde do día, polo que procede abrir unha quenda de intervencións dándolle a palabra por orde de representación ó voceiro do grupo municipal “Popular”.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que os grupos políticos da oposición desta Corporación solicitaron a convocatoria desta sesión plenaria extraordinaria coa fin de denunciar publicamente e pedir explicacións sobre o abuso continuado e trato discriminatorio en canto ós dereitos dos respectivos grupos da oposición de Oleiros e di continuada, porque xa levan varios plenos denunciando desde o Partido Popular de Oleiros o abuso de poder por parte do goberno local, amparado na maioría absoluta que obtema, coa clara intención de silenciarlles e difamalos coa única fin de manter a alcaldía sen ningún tipo de control.

Año tras ano, levan denunciando a discriminación desde o punto de vista económico ós que somete ós concelleiros e concelleiras da oposición, mentres tódolos anos sobe tanto o salario do alcalde coma dos concelleiros e concelleiras do seu grupo: Por certo, o salario do alcalde está xa no tope máximo permitido para os concellos do nivel de Oleiros, mentres ós concelleiros e concelleiras dos grupos da oposición non se lles dá ningunha contraprestación económica, só as asistencias a órganos que levan conxeladas desde xa hai bastantes anos e que supoñen 150 € por asistencia ¿Isto non é discriminación alcalde?.

E xa non quere falar do local asignado polo goberno local ós grupos políticos da oposición, unha única habitación que teñen que compartir tódolos grupos políticos, con humidades, malos olores, frío e sobre todo o peor, existen outros locais municipais baleiros, ben acondicionados solicitados en varias ocasións e denegados en tantas outras. Noutra orde de cousas, pódese cualificar de miserento o uso partidista que ven facendo dos medios municipais que son utilizados para beneficio propio, para facer campaña da súa agrupación e en múltiples ocasións, para difamar e insultar ós grupos políticos da oposición municipais, tal e como denunciaron en moitas ocasións en prensa e incluso, fronte a outras instancias como á Valedora do Pobo Galego.



CONCELLO DE
OLEIROS

Ademais, atópanse co uso que fai de Radio Oleiros ou Radio Gelo, como prefiran chamarlle, porque na radio pública local só fala o alcalde, cando ó ser un medio público deberían de ter o seu espazo tódolos grupos municipais, se queren acorde coa representación que obستا cada grupo político no pleno municipal, pero non quere que ninguén lle saque as cores e prefire silenciais.

Ó fío disto, tamén están as intervencións semanais do alcalde en varias emisoras de radio e prensa, que usa para facer campaña política do seu Partido en toda a área metropolitana pagados polos veciños e veciñas de Oleiros.

O “Vivir en Oleiros”, un panfleto de propaganda municipal, que nas súas 68 ediciónes supúxolle un custe ó concello de preto de 1,5 millóns de euros e fala con estimación, porque a día de hoxe aínda non lles informou do custe real de cada publicación.

Alcalde, ¿Coas necesidades existentes no concello non estaría mellor investido ese 1,5 millón de euros cubríndoas? E non se pode esquecer dos paneis informativos, medios electrónicos de alto consumo e custo enerxético, todo o contrario a sostibles e que segundo lles manifestaron en varias ocasións son para informar á veciñanza, cando a realidade é que os usa para informar do que lle interesa e facer proclama das súas ideas revolucionarias. Por certo, tampouco saben cal é o custe destes paneis, pero seguro que é alto debido ós prezos actuais da enerxía.

Tamén veñeron denunciando en múltiples ocasións a falla de respecto e o abuso reiterado que fai dos seus dereitos nos plenos municipais, tal e como se recolle nas actas dos mesmos, sácalles o uso da palabra chegando incluso a ordear apagar os micrófonos, ameázaos reiteradamente coa expulsión das sesións, aínda que en varias ocasións foron eles quen abandonaron as sesións voluntariamente fartos dos seus abusos. Non lles deixa debater as mocións que presentan en regra e orde, só se debaten as que o alcalde quere ou lle interesan e na quenda de rogos e preguntas, contesta as que quere, como quere. Fai en definitiva o que lle peta.

E agora despois de todo este relatorio de abusos, nin convoca plenos porque se levan dous meses sen convocar as sesións ordinarias no que vai de ano, cando o art. 46.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, establece a obriga de convocar ó menos unha sesión ó mes, infrinxe outra vez máis a lei, e alcalde ¿Cómo se chaman ós que infrinxen a lei?.

As sesións plenarias ordinarias son a única ferramenta coa que contan os grupos políticos municipais para levar a cabo o seu labor de representación da veciñanza, de vixilancia, de seguimento e control da actividade municipal e o alcalde non os convoca unha única fin como xa dixo antes, silenciais máis se cabe.

Argumenta que non se convocan porque non hai temas a tratar e iso é mentira, o que acontece é que o goberno local baleirou de contido ó pleno municipal e a maior parte dos asuntos de competencia plenaria trátanse na Xunta de Goberno Local, onde só está representado o propio goberno local, para así escapar do control do pleno e facer o que lles peta. De tódolos xeitos, nun concello con máis de 35.000 habitantes e con máis de 40 millóns de orzamento municipal, que non haxa temas a tratar nos plenos é unha proba evidente de que tanto vostede coma o seu grupo non fan ben o seu traballo de xestión ou mellor dito, non traballan.

Independentemente que non haxa temas a tratar, o resto dos grupos políticos municipais teñen dereito a presentar declaracións institucionais, mocións, rogos e preguntas para defender os intereses de toda a veciñanza



CONCELLO DE
OLEIROS

e ista tamén ten dereito a asistir ós plenos e estase a negarlllo ¿A que ten medo ó alcalde? ¿Por qué quere silenciar á oposición? ¿Non terá que ver que se está a un ano das eleccións municipais e non querrá que algo perxudique a súa imaxe ou a do seu grupo?.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, explicando que ante os continuos e reiterados incumprimentos polo alcalde e o goberno local da normativa vixente en materias tales como o dereito fundamental da participación política dos cidadáns; a debida transparencia que debe rexer o funcionamento das administracións públicas e todas aquelas cuxa finalidade é preservar e garantir o funcionamento democrático das institucións, víronse na obriga de solicitar a celebración deste pleno extraordinario cuxo obxecto non é outro que o de requerir e exixir ó goberno local de Oleiros e ó alcalde en particular, unha modificación radical no seu proceder e a erradicación de todas aquelas decisións expresas ou tácitas que vulneren as leis e disposicións regulamentarias, que veñen a deteriorar a calidade democrática neste concello.

Debe lembrar que o cumprimento da lei obriga a tódolos cidadáns e ás administracións públicas, moi especialmente a éstas últimas, cuxo comportamento e proceder debe ser en todo caso exquisito e exemplar na observancia das normas para garantir os dereitos e liberdades que o noso ordeamento xurídico recoñece ós cidadáns por mero feito de selo.

O cumprimento da lei non pode ser unha opción, nin pode ter a consideración dunha cortesía por parte da administración cara ós seus administrados porque as súas actuacións deben estar sometidas á lei e ó dereito, tal e como dispón o art. 5.3 da Constitución española.

O proceder do Concello de Oleiros neste senso non foi tradicionalmente nin é dilixente, nin exemplar, en canto ó cumprimento das leis e das disposicións legais ás que se refiren, agravándose especialmente nos últimos tempos con decisións tales como a non convocatoria de plenos coa periodicidade exixida pola lei, a imposición de limitacións e restricións en materia de acceso á documentación, que debe obrar nos expedientes administrativos de tratamento plenario, o incumprimento da obriga administrativa de ditar resolución expresa e motivada nos prazos que a lei determina a tal efecto, ademais de tódolos aspectos relacionados coa debida transparencia que debe rexer o funcionamento administrativo das institucións.

Todo isto fortemente agravado polo efecto da maioría absoluta que detenta o goberno local, que en base a ista adoptou o acordo de delegar a practicamente totalidade dos asuntos de competencia plenaria na xunta de goberno local, da que só forman parte membros de “Alternativa dos Veciños”.

Nos catro meses que se levan deste ano, unicamente se celebraron dúas sesións plenarias de carácter ordinario cando a periodicidade dos plenos debe ser ó menos unha mensual, de conformidade co disposto no art. 46.2 da Lei de bases do réxime local e 78.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como no propio regulamento orgánico municipal do Concello de Oleiros e o propio acordo acadado na sesión de organización desta corporación local, que se materiza cada catro anos.

Resulta numerosa e extensa a xurisprudencia que emana do Tribunal Supremo que así o determina pronunciándose neste senso, así como a multitude de resolucións dos órganos consultivos e entidades, como o



CONCELLO DE
OLEIROS

Defensor do Pobo, estimando que a non observancia de tales preceptos legais supón unha vulneración ó dereito fundamental de participación política dos cidadáns de acordo co art. 23.1 da constitución española, así o determinou tamén a propia doutrina do Tribunal Constitucional, nas sentenzas 40/2013 e 169/2009, nas que se resolve que existe unha conexión directa entre o dereito á participación política dos cargos públicos representativos e o dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos, posto que debe decirse que son primordialmente os representantes políticos dos cidadáns os que dan efectividade ó seu dereito a participar nos asuntos públicos, de tal forma que o dereito ó que se refire o art. 3.2 da constitución española e o 23.1 que a constitución recoñece ós cidadáns, quedaría baleiro de contido ou sería ineficaz se o representante político se vira privado do mesmo ou perturbado no seu exercicio.

O pretexto que utiliza frecuentemente o alcalde para non convocar plenos ordinarios é que desde o seu punto de vista non existen asuntos para confeccionar unha orde do día, cando lles está privando expresamente do dereito que teñen os concelleiros e concelleiras da oposición, que non forman parte do goberno local, a presentar mocións, rogos e preguntas en representación dos cidadáns de Oleiros, porque eles tamén son representantes lexítimos da veciñanza e por iso están hoxe aquí.

En canto á obriga administrativa de ditar resolución expresa e notificar debidamente en tempo e forma as citadas resolucións en todo tipo de procedementos, calquera que sexa a súa natureza en modo de inicio, son multitude as ocasións nas que o goberno local de Oleiros incumpriu dito precepto que para a administración supón un deber e para o cidadán unha garantía e un dereito a ser oído no trámite de audiencia e na lexítima defensa á que todos teñen dereito, pois a vulneración de dito precepto pode dar lugar a unha situación de indefensión e desamparo quebrantando o dereito fundamental de tutela xudicial efectiva, ó que se refire o art. 24 da constitución española, vulnerando tamén o principio de eficacia ó que se refire o art. 103 do nomeado texto constitucional como exemplo, entre outros moitos, simplemente citarán o recurso de reposición presentado por él mesmo o pasado mes de setembro e que nove meses despois se teña sen resolver e sen notificar.

Noutros termos, son moitas ocasións nas que o goberno local restrinxiu ou limitou o dereito de acceso a documentación, quebrantando así o disposto no art. 15 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a súa vez, novamente, o art. 23.1 da constitución española referido á participación política dos cidadáns directamente ou a través dos seus representantes electos, así o reiterou o Tribunal Supremo en numerosas sentencias das que emana unha doutrina que non deixa lugar a dúbidas ó respecto e así o reiteraron tamén as numerosas resolucións ditadas polas consellos consultivos do Estado.

Cuestións como dificultar o acceso ós expedientes, que non estean no lugar no tempo e forma estralecidos nas normas, ausencia de documentación, o preceptivo índice de documentos contidos nos expedientes ou a negación do expediente en formato papel, tendo acceso á documentación unicamente a través dun pc portátil en calquera dependencia que se lle ocorra ó goberno local, son simples exemplos do quebrantamento de tales dereitos recollidos tamén no propio regulamento orgánico municipal de Oleiros que ademais por certo, segue incluíndo o acceso á documentación os sábados de mañán, cando as dependencias municipais están pechadas ese día.



CONCELLO DE
OLEIROS

Mención especial merece a falla de transparencia neste concello dado que nin sequera deuse cumprimento, oito anos despois, das disposicións legais a tal efecto (Lei 19/2013, de transparencia e bo goberno) á obriga de dispór dun portal de transparencia no que se publiquen ofertas, licitacións públicas, declaracións de bens dos membros da corporación e todos aqueles aspectos que exige a normativa en vigor.

Tras case que sete anos que leva desenvolvendo o labor de concelleiro veu como este pleno foi despojado da maior parte das súas competencias a prol da xunta de goberno local, o que agrava aínda máis o incumprimento das convocatorias de plenos ordinarios, as mesas de contratación carecen de representantes dos grupos políticos alleos ó goberno local e como nunca xamais se convocou á xunta de voceiros, aspectos que poñen de manifesto a absoluta falla de transparencia do goberno local, o seu afán pola ocultación e sobre todo, a súa falla total de compromiso coa democracia, cuxo deterioro é máis que evidente.

Poderían falar tamén da súa propia e particular definición de moción, o que indica que non só incumpre as normas senón tamén que as inventa ó entender unha moción como lle interesa, non contesta debidamente nin a rogos nin a preguntas, poderían falar tamén como xa o fixo na anterior intervención o voceiro do P.P., do veto ó acceso á participación dos grupos políticos da oposición nos medios de comunicación públicos e privados pero pagados con fondos municipais, que están só a disposición do alcalde, usados única e exclusivamente para o seu propio autobombo e do seu grupo político, do local municipal que lles puxeron a disposición e do que xa faláron tamén en innumerables ocasións, que se inunda habitualmente, que está nunhas condicións lamentables, non existindo acceso a internet, ordenadores antidiluvianos, etc., etc.

Por certo, esta semán pasada houbo un incidente que cre que pode afectar á saúde laboral da persoa que está asignada a grupos políticos, empregada pública, rogaría que o revisaran. Por todo elo, exiximos unha vez máis unha rectificación radical nas súas actuacións para que se axusten ás leis e respecten os dereitos e liberdades dos cidadáns conculcados ata a data co seu proceder inxusto e ilegal.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”- Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, salientando que están hoxe celebrando este pleno porque os grupos políticos da oposición cren que existen cousas que hai que mudar, baixo o punto de vista do seu grupo existen dous tipos de oposición, unha destructiva que a ven en moitas ocasións no Congreso dos Deputados e outra constructiva, que é a que o seu grupo apoia baseada no respecto tratando de facer e propoñer iniciativas que axuden a mellorar o benestar da veciñanza de Oleiros.

Coñece ó alcalde de hai moitos anos e o considera unha persoa intelixente, boa persoa, sabe e cónstalle que é sensible e revolucionario, podería dicir incluso si se fai un símil co fútbol que é o Real Madrid da política, porque ten capacidade para salvarse e rexenerarse ante situacións complexas, polo que se él manifestase que tanto él como alcalde e os seus compañeiros e compañeiras do goberno local, están a gobernar cos votos dos grupos políticos da oposición, seguro que se sorprenderían, pero quere facer unha análise sobre isto e con cifras reais.

Analizando os resultados electorais das eleccións locais coas últimas eleccións xerais, pódese observar que o PSOE por exemplo, acadou 5.959 votos nas xerais e nas locais 1.902, unha diferenza de 4.057 votos que foron a outro sitio. Si se fala do PP, unha historia parecida pero en menor medida, nas xerais 5.875 votos por 3.129 nas locais,



CONCELLO DE OLEIROS

desaparecéndolles 2.756 votos. Para o grupo Mixto o desfase é moito menor, porque o BNG acada 1.430 votos nas xerais e nas municipais 1.040, perdendo 390 e en canto a Ciudadanos, de 1.189 pasa a 1.024, perdendo logo 165 ¿Qué significa isto? Que existe unha realidade, moitos cidadáns que noutras eleccións votan outras candidaturas, nas locais votan ó alcalde e a Alternativa dos Veciños, un 71% de votos que se trasvasan, significando logo que o alcalde dalgún xeito fai as cousas ben.

Dito isto, é unha mágoa que facendo as cousas ben e tendo esta ampla maioría non aposte máis polo diálogo, non tendo respecto ningún polos membros dos grupos políticos da oposición, non lle fai falla alcalde, non fai falla ningunha telos nun local miserento, é absurdo. A grandeza dun gobernante é facer as cousas con talante, sóbralle electores que o apoien, queda un ano practicamente de mandato desta corporación, polo que pide que cambie nesa actitude e por poñer un exemplo, agora está acondicionada a Torre Bescansa que está baleira, pode ubicar alí ós grupos da oposición dándolle unha calidade maior para realizar un traballo que teñen que desenvolver.

Por outra banda, o art. 17 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinala que os grupos políticos da corporación teñen que ter un buzón de correspondencia, que a día de hoxe non teñen, tampouco é de recibo que estean na situación que están en canto ó local que debería ter cada grupo político, insistindo en que existen locais municipais baleiros.

Tamén debe existir nos salóns de plenos unha foto do Rei en lugar preferente e neste salón non hai e tamén outra anecdotica é o que pasa nesta corporación que cre que é inusual porque falou con outros compañeiros de partido doutras institucións, o referente ó art. 91 de pasar listaxe coma no colexio, porque o normal sería que a secretaria pregunte se falla alguén comprobando os asistentes e con iso debería ser suficiente; por iso solicita ó alcalde que como queda un ano para rematar o mandato lle dea recursos e satisfaga as peticións que lles corresponden por dereito, porque insiste en que iso vaine engrandecer máis.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que vai debater porque é unha das peticións que realizan no punto da orde do día deste pleno convocado, aínda que cre que neste pleno sempre hai debate porque a él, o primeiro, gústalle facelo. Outra cousa é que ó final gaña quen gaña, porque existe unha maioría que o pobo de Oleiros outorgoulle á Alternativa dos Veciños.

Referíase o voceiro do grupo “Popular” a un abuso e trato discriminatorio coa fin de silencialos e difamalos e a iso ten que lle dicir que aquí non se discrimina a ninguén, cada un ten a representación que ten e debe adaptarse a ela, uns teñen a función de goberno e outros de facer oposición denunciando todo aquilo que vexan que non están de acordo e pensa que en Oleiros non se silencia a ninguén é máis, normalmente os medios de comunicación en xeral pórtanse moi ben con vostedes, especialmente algún, e aproveítano en moitas ocasións para difamar ó goberno municipal e diso son especialistas vostedes, sobre todo o Partido Popular, que desde que é alcalde encargáronse de facer campañas mediáticas continuadas para desprestixialo tanto a él coma ó seu grupo.

Reclaman un incremento no cobro de dietas e pregúntase se algún empresario no Estado paga ós seus empregados por non traballar e aquí non se paga porque non hai traballo de construción senón de demolición, porque o único



CONCELLO DE
OLEIROS

a que se dedican é a tratar de destruír ó seu grupo político, pero non van poder con eles porque detrás do muro está a veciñanza de Oleiros, que non son tontos, e sabe quen é cada quen.

No que atinxe á queixa de que non teñen espazo na emisora local “Radio Oleiros”, ningún grupo político ten espazos nela, é certo que existe un programa do alcalde desde hai moitos anos que ten unha duración curta que depende do que teña que comentarlle á veciñanza, porque a lei si que establece que o alcalde ten a obriga de informar á cidadanía e o mellor medio de información é o directo. Un programa aberto no que se admiten chamadas en directo para poder debater, solicitar ou denunciar cuestións municipais, cre que non existe un programa deste tipo no Estado, os grupos da oposición poden chamar e intervir ¿Por qué non o fan? ¿A qué teñen medo?. Logo tamén teñen a posibilidade de facelo aquí neste plenario, sen filtro de ningunha clase, polo que insiste en que a emisora municipal “Radio Oleiros” é para informar, non para difamar, e non existe ningún outro espazo na súa programación para ningún grupo político, tampouco para eles porque a súa forma de traballar é o contacto directo coa xente.

Alegan tamén que a publicación “Vivir en Oleiros” é un gasto non xustificado ¿Pregúntenlle á veciñanza e que lles dean a súa opinión?. Esta publicación sae cada dous meses e informa do pasado durante ese período de tempo ou do que vai acontecer no futuro, informando sobre actividades culturais, sociais, deportivas, obras públicas a executar, etc., etc. outra maneira de información permitida na lei e da que por suposto fan uso.

Falaron tamén de que non se lles respectaba no pleno, o que non permite nunca é que se intente faltar ó respecto ou difamar e incluso tendo, nalgunha ocasión, que expulsalos das sesións polas actitudes e as permanentes fallas de educación, tratando de alterar o transcurso das sesións porque este pleno non é un circo e non existen aquí nin monos nin paiaos, agás que algún quere facelo, pero como dixo antes non o vai permitir.

Por outra banda, de verdade que os representantes de Oleiros do Partido Popular e do PSOE cando falan das competencias do pleno ¿De verdade que forman parte deses partidos? Porque tanto un coma outra foron os que cambiaron as leis outorgándolle a posibilidade ó pleno de delegar funcións na xunta de goberno local, unha medida coa que pode estar de acordo ou non pero que está aí e da que se pode facer uso tratando logo os asuntos onde poden facelo pero sobre todo, por axilidade, porque niso cre que está ben pensado.

Lamenta a intervención do voceiro do grupo “Socialista”, que se adicou a dar lectura a unha serie de sentenzas que nada teñen que ver co asunto que lles ocupa e para o que solicitaron a celebración deste pleno, tamén chegou a dicir que non se lles facilitaba o acceso ós expedientes cando é totalmente falso, sempre que o piden teñen acceso a eles e se lles facilitan sen ningún tipo de problema.

Falaron tamén de ter outro local que o actual non lles vale, pero se nin o visitan, púxoselles unha funcionaria para que lles axudara na xestión administrativa, polo que lle parece grave que se poida chegar a mentir para tratar de dar unha realidade que nada ten que ver co que acontece.

En canto á intervención do voceiro de Ciudadanos, ten que salientar que foi nun ton diferente, falou de que sabía que era sensible e revolucionario, ó que lle dí que non existe revolucionario que non sexa sensible, os revolucionarios sinten os padecementos da cidadanía e que por iso loitan para mudar esas cousas e él é un deses,



CONCELLO DE
OLEIROS

porque sempre lle preocuparon os problemas dos cidadáns e da veciñanza e o leva demostrando ó longo de toda a súa estadía neste concello.

Fixo unha reflexión sobre os resultados das votacións nunhas eleccións comparándoas con outras que non sexan as municipais. É incontestable que a veciñanza vota maioritariamente á Alternativa dos Veciños nas eleccións municipais e logo votan outras opcións noutros comicios pero porque o seu grupo non se presenta a outras eleccións, pero nas eleccións locais vótanos en masa porque os e as veciñas queren que quen dixira o concello sexa a “Alternativa dos Veciños”, pola súa honestidade, pola boa forma de xestionar os servizos para a veciñanza, polo que non é estrano que duns 5.000 votos que recibe o PSOE noutras eleccións 4.000 logo lles voten a eles nas municipais, ó igual que dos 6.000 que votan ó PP case que 3.000 logo voten á Alternativa dos Veciños ¿Por qué? Porque son xente intelixente e saben quen debe representalos a nivel municipal, e quere aproveitar esta ocasión para agradecer a confianza deses veciños e veciñas e como non, tamén ós demais que historicamente lles votaron desde sempre e que son o pilar fundamental de “Alternativa dos Veciños”.

Sobre o dito polo voceiro de Ciudadanos de pasar listaxe nos plenos, considera que non está nada mal porque como os plenos retransmítense por Radio Oleiros a veciñanza sabe tamén quen asiste e quen non, hoxe por exemplo non asistiu un concelleiro por problemas laborais e que vai estar tres meses fóra por estar embarcado e entende que é importante que a xente saiba quen ven e asiste ós plenos e quen non.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, dicindo que unha vez máis o alcalde nas súas contestacións colle o que lle dá a gaña porque o seu grupo en ningún momento pediu un salario, senón que como o salario do alcalde medra ano a ano, pois que nunha proporción parecida medre tamén a contía a percibir por asistencia ós membros dos grupos políticos da oposición, polo que solicita que non terxiverse as cousas e ademais engadindo que non traballan, pero sabe realmente se traballan ou non, o que parece que non traballa é o alcalde que non convoca nin os plenos que ten que facer que polo menos, segundo sinala a lei, debe ser un ó mes de carácter ordinario.

Quere aproveitar a ocasión para facer uns rogos, o primeiro é que acepte que os grupos políticos da oposición poidan participar nos medios de comunicación que obtema o concello porque son pagados con recursos municipais, polo que teñen dereito a participar. Roga tamén que deixe de difamar ós membros da oposición nos medios de comunicación e deixe de derrochar os cartos da veciñanza, porque o “Vivir en Oleirso” supón un gasto desorbitado e só para facer publicidade do grupo de goberno; que teña un trato igualatorio co resto de concelleiros e concelleiras que non sexan do goberno; que volva a dotar de contido e interese as sesións plenarias e por último, que cumpra a lei convocando as sesións plenarias mensuais de carácter ordinario.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, salientando que está claro que vista a contestación que remata de facer o alcalde queda claro que non se enterou de nada do que lle remata de explicar coa súa intervención, tal vez porque non aprendeu nada nos corenta anos que leva gobernando, dío por buscar unha explicación lóxica a súa resposta.



CONCELLO DE
OLEIROS

Non lles contestou ¿Por qué non convocou os dous plenos que debería ter feito neste ano?, ó mesmo que xa aconteceu en anos anteriores, polo que lle gustaría que o razonase porque non contestou.

Gustaríalle saber tamén ¿Por qué se incumpre a obriga de ditar resolución expresa e notificar debidamente, en tempo e forma, as resolución ditadas? Ou que non se dita directamente, porque tampouco o contestaron, moitas cousas que quedaron sen responder, fala do que lle convén e punto.

¿En qué consiste a definición de moción que ten o alcalde? Porque parece que é sacada da manga, adicouse unha vez máis a chamarlles paiaos, que fan o mono nos plenos e falou tamén de que non paran de difamalo ¿Poderíalle dicir de qué difamacións fala? Porque parece que está obsesionado coa palabra “difamación”.

Falou tamén que os membros dos grupos políticos da oposición non traballan e non é certo, non fan o traballo que o alcalde quere pero só fai falla fixarse no discurso que ten nos plenos e o que teñen os demais, vostede é o que non traballa porque non prepara nin os plenos e cando non sabe ou non lle interesa adícase a contar as súas historias, que resultan ser as mesmas durante todos estes anos, en vez de facer o que ten que facer que non é outra que responder ás preguntas que lle formulan os grupos da oposición, que tamén representan ós cidadáns.

Alegou tamén que os medios de comunicación pórtanse ben con eles, ó mellor non fai falla compralos como fai o goberno local con fondos públicos. Dixo incluso que chamen ós espazos de radio onde intervén para debater e non é así alcalde, o que ten que facer é habilitar un espazo en Raido Oleiros onde se podía debater, se é que se atrave, non o vai facer porque non quere diálogo, quere monólogo e non quere democracia, quere autocracia.

Sobre que se tratan os asuntos de competencia plenaria onde teñen que se tratar, na xunta de goberno local, non está para nada de acordo porque eses asuntos hai que tratalos no pleno que é o órgano onde están representando tódolos cidadáns de Oleiros e sobre que lles puxo un local ós grupos políticos da oposición, perdoe pero puxo un local porque ven reflexado na normativa non é unha prerrogativa que ceda vostede, ademais ese local está en condicións lamentables, hai dúas semanas inundouse e a semán pasada houbo un problema que afectaba ás vías respiratorias da funcionaria adscrita ós grupos políticos e dá fé delo porque estivo alí dúas veces nesa semán.

E se non van máis polo local debe preguntarse ¿Por qué? Dotando ós grupos políticos da oposición dunhas dependencias lamentables, cun equipo informático que vaia a saber se funciona sequera, sen conexión a internet e cunha impresora moi antiga, non poden facer nada ¿A que van ir?

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, manifestando que utiliza pouco o local porque baixo o seu punto de vista non vale para a función para o que está destinado e insiste en que hai outros locais municipais que poden cederllos, como o de Facenda Local que ten unha planta baleira, polo que solicita do goberno local que si se dota duns locais dignos ós grupos da oposición no que atinxe a él, comprométese a estar nel tódolos días.

Xa o dixo en anteriores ocasións, en tódolos concellos da contorna os grupos políticos municipais teñen unha pequena oficina onde desenvolver o seu labor, tamén onde a Alternativa dos Veciños está representada e conta cun local municipal posto a súa disposición, polo que solicita o mesmo para eles.



CONCELLO DE
OLEIROS

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o único que fai é defender a postura do seu grupo de goberno e xestionar, porque o pobo de Oleiros deulles esa misión durante catro anos desenvolvendo un programa electoral que cre que se está a cumprir practicamente xa no 100%.

O voceiro do grupo “Socialista” sempre está a falar de que neste plenario se lles insulta ós grupos políticos da oposición e logo ven aquí e atrévese a chamarlle ignorante, debe ter un pouco máis de respecto. Quéixase de que non se convocan sesións plenarias e é así porque hai meses nos que non hai asuntos que tratar, pero si se convocou este mes pasado unha xuntanza da comisión informativa previa para tratar os asuntos e ditaminalos elevándoos logo á Xunta de Goberno Local, pero iso non o dín.

Tamén queixouse de que lles chamara monos e paiaos e tampouco foi así, porque o que dixo é que non ía permitir que os plenos se convertesen nun circo, polo que non terxiverse as súas palabras e as leve ó terreo que quere e para rematar, queixouse de que entre os medios que están a disposición dos grupos políticos da oposición existe un ordenador que non sabe se funciona, é dicir, que nos sete anos que leva formando parte desta Corporación non se molestou sequera en saber se funciona ou non, desde logo o que parece que non funciona é vostede.

Tamén manifestaron que quedaba un ano, que entre todos a ver se eran capaces de mellorar a calidade de vida dos oleirenses e ante iso, non lles quepa a menor dúbida de que o goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” vaino facer, é máis, o leva facendo desde sempre e os resultados están aí cumprindo co cometido que lle encargou o pobo de Oleiros.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 12.50 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en once (11) páxinas e que eu, como secretaria, certifico e dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.